

TALENTO FEMININO NA ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA

medrando
xuntas



Programa formativo para directivas

Marzo - xuño de 2023



**XUNTA
DE GALICIA**

ÍNDICE

1

PRESENTACIÓN

2

OBJECTIVOS

3

DESTINATARIAS

4

**ESTRUCTURA
DO PROGRAMA**

5

**CADRO
DOCENTE**

6

**CARACTERÍSTICAS
DO PROGRAMA**

7

INSCRICIÓN

**MEDRANDO XUNTAS
PROGRAMA FORMATIVO
PARA DIRECTIVAS**

1

PRESENTACIÓN

Unha das prioridades da Xunta de Galicia en materia de emprego é pór en marcha actuacións para acadar que as mulleres galegas ocupen o lugar que lles corresponde no mercado laboral.

Por outro lado, ten entre os seus obxectivos promover e dar difusión á economía social como modelo para crear emprego de calidade, máis igualitario e sostible.

Atendendo a ambas as dúas finalidades, dentro da Estratexia Galega de Economía Social contéplase a promoción do emprendemento feminino como unha das medidas para sumar capacidades dentro da economía social.

O programa Medrando Xuntas está deseñado para contribuír a este obxectivo potenciando o talento feminino nas entidades de economía social, que ten un amplo alcance e pode beneficiar a todas as mulleres que ocupan postos de diferente responsabilidade nas organizacións. De igual xeito, o proxecto pretende difundir o papel que xogan as entidades de economía social no tecido socioeconómico galego e as oportunidades que brindan ás mulleres para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

Medrando Xuntas acadou excelentes resultados en canto á participación e á valoración da experiencia por parte das alumnas, nas sete edicións convocadas ata o momento.

2

OBXECTIVOS

O **obxectivo xeral** do programa **Medrando Xuntas. Directivas** é ofrecer unha formación integral desde a perspectiva de xénero, co fin de potenciar as capacidades directivas das mulleres participantes como factor clave no seu posterior desenvolvemento profesional.

Ofrece contidos específicos enfocados a mulleres pertencentes ás organizacións de economía social ou interesadas en comezar unha carreira neste campo, para acadar os seguintes **obxectivos específicos**:

Mellorar os coñecementos e habilidades persoais das mulleres galegas que están vinculadas ás entidades de economía social, para promover un desenvolvemento profesional dentro das súas organizacións.

Aumentar a presenza de mulleres en órganos de toma de decisión en entidades de economía social.

Fomentar a reflexión conxunta entre alumnas e persoal docente sobre a economía social e o papel que as mulleres desenvolven nela.

Promover o encontro entre mulleres integrantes da economía social para conversar arredor das motivacións, dificultades e oportunidades que encontran no seu desenvolvemento profesional.

Crear unha comunidade de mulleres activas na promoción da economía social en Galicia e do papel das mulleres nela.

Presentar a economía social como unha alternativa real ao autoemprego de mulleres.

Atraer a mulleres directivas (ou con potencial de selo) cara ás entidades de economía social, como medio de promoción profesional e reforzo do tecido destas organizacións.

Fomentar e consolidar as habilidades tecnolóxicas das mulleres da economía social a través dun aprendizaxe transversal no manexo de ferramentas informáticas.

3

DESTINATARIAS

Mulleres profesionais que ocupen na actualidade un cargo de responsabilidade en entidades de economía social (equiparable a niveis directivos e predirectivos ou mandos intermedios), así como aquelas que exerzan a representación nalgún órgano de goberno destas entidades.

ESTRUTURA DO PROGRAMA

BLOQUE 1. XESTIÓN DAS ORGANIZACIÓNS DE ECONOMÍA SOCIAL

1.1. XESTIÓN DE PROXECTOS DE ECONOMÍA SOCIAL

- Innovación social.
- Ciclo de vida dun proxecto.
- Metodoloxías de xestión e dirección de proxectos.

1.2. RESPONSABILIDADE SOCIAL

- Introducción á responsabilidade social nas entidades de economía social.
- A creación de valor na empresa e os beneficios da RSE.
- Principais ferramentas de RSE.
- Transparencia e rendición de contas.

1.3. INNOVACIÓN NOS MODELOS DE NEGOCIO

- A creatividade e a innovación.
- A importancia da innovación nas organizacións.
- Innovación tecnolóxica e innovación non tecnolóxica.
- Innovación: que é e factores a ter en conta.
- Introducción á innovación centrada nas persoas a través do *design thinking*.

1.4. ESTRATEXIA COMERCIAL E MÁRKETING.

- A xestión comercial como factor de éxito nas organizacións.
- Elaboración do Plan de Márketing e principais ferramentas de márketing.

1.5. TRANSFORMACIÓN DIXITAL NAS ORGANIZACIÓNS

- Que está pasando? O novo escenario da economía dixital.
- Tendencias en márketing e comunicación dixital.
- Estratexia de contidos.
- Redes sociais e ferramentas online.

BLOQUE 2. HABILIDADES DIRECTIVAS

2.1. DESENVOLVEMENTO E MARCA PERSOAL

- Empoderamento da muller: confianza e autoestima.
- *Branding* e marca persoal.
- Empresas con alma: *employer branding*.

2.2. COMUNICACIÓN E ORATORIA

- Nocións básicas para acadar unha comunicación efectiva: a escoita activa.
- Ferramentas prácticas para mellorar a comunicación.
- Principais elementos para a construción dun discurso persuasivo.
- A linguaxe non verbal no proceso de comunicación.

2.3. CULTURA ORGANIZACIONAL E LIDERADO PARTICIPATIVO

- Que é o liderado participativo? Principais características.
- Vantaxes dunha dirección participativa.
- Desenvolvemento de habilidades para a xestión de equipos motivados.

BLOQUE 3. PROXECTOS COLABORATIVOS*

· Sesión 1. Introducción*.

· Sesión 2. Deseño*.

· Sesión 3. Prototipado*.

VI FORO MEDRANDO XUNTAS*

* Sesión presencial, sempre e cando a situación sanitaria o permita.

CADRO DOCENTE

PILAR CASALS

Docente da sesión de Cultura organizacional e liderado participativo e facilitadora das sesións do bloque 3 de proxectos colaborativos.

Educadora social pola Universidade da Coruña (2007) e licenciada en Ciencias do Traballo pola Universidade de Granada (2011). Dende o ano 2015 acumula formacións e experiencias de facilitación con metodoloxías tales como Art of Hosting, Dragon Dreaming, Traballo de Procesos, Forum Zegg, Comunicación non violenta e Xestión emocional e de conflitos, entre outras.

Docente en materia de responsabilidade social, emprendemento e innovación social, economía social e circular, liderado participativo, voluntariado corporativo, igualdade laboral, comunicación interna e bo clima laboral en empresas e entidades públicas e privadas, xunto co acompañamento e titorización en procesos de xestión do cambio e da innovación a nivel persoal, grupal e organizacional.

Pilar é unha namorada da natureza e dos animais, de quen aprende diariamente a confiar nos procesos e fluir con eles, conectando coa nosa verdadeira esencia e no noso auténtico potencial.



**PILAR
CASALS**

EVA BOUZAS FACAL

Docente da sesión Xestión de proxectos de economía social.

Licenciada en Economía pola Universidade da Coruña, con especialidade no Sector Público. Leva vinte anos dedicada en corpo e alma á xestión de proxectos europeos en entidades públicas e privadas, tanto en Italia como en España. Actualmente é a directora da Área de Proxectos Europeos da Asociación San Xerome Emiliani da Guarda (Pontevedra). Desde hai dez anos forma parte do equipo de Avaliación e Control do SEPIE, Axencia nacional española do Programa europeo Erasmus+.

Fan empedernida da dimensión europea do traballo, dedica o día a día a conseguir recursos que permitan materializar ideas en proxectos sociais sostibles, que axuden a construír un mundo máis humano, accesible, inclusivo e verde.

Aunando rigor metodolóxico con paixón absoluta polo traballo, consegue pasiño a pasiño facer realidade a súa misión: contribuír a encher o mundo de proxectos con alma.



**EVA
BOUZAS F.**

CADRO DOCENTE

MARÍA PARGA

Docente da sesión Innovación nos modelos de negocio.

María Parga é licenciada en Psicoloxía pola Universitat Autònoma de Barcelona. Especializada en comunicación, cultura e prospectiva, conta con máis de 10 anos de experiencia en publicidade, marketing e comunicación. Nos últimos anos vinculada a institucións do ámbito educativo na Universitat de Barcelona e na investigación de novas metodoloxías formativas innovadoras. Actualmente é investigadora, docente en pensamento creativo e mentora en Designthinking.gal.

MARÍA
PARGA



NOELIA LÓPEZ ÁLVAREZ

Docente da sesión Responsabilidade social.

Enxeñeira química pola Universidade de Santiago de Compostela (2003), con Máster Interuniversitario en Sustentabilidade e Responsabilidade Social Corporativa da Universidade Jaume I de Castellón e a UNED (2013) e Máster en Xestión de Proxectos de Medio Ambiente e Responsabilidade Social Corporativa da Universidade de Santiago de Compostela (2007). É, ademais, técnica en xestión da mellora continua e da innovación pola Universitat Oberta de Catalunya (2009) e axente de igualdade pola UNED (2021). Actualmente forma parte do persoal docente acreditado para a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero da Xunta de Galicia.

NOELIA
LÓPEZ A.



CADRO DOCENTE

ANTÍA FERNÁNDEZ

Docente da sesión de Estratexia comercial e márketing.

Dedicada ao marketing e á comunicación desde hai máis de 10 anos. Iniciou a súa carreira coas Licenciaturas de Comunicación Audiovisual e Publicidade e Relacións Públicas, realizando parte dos seus estudos en Italia e Brasil, o que lle permitiu ter unha visión global da profesión.

A súa traxectoria laboral estivo sempre vinculada á produción, ao marketing e á comunicación, desempeñando postos de responsabilidade en diversas organizacións. Durante máis dun lustro traballou en marketing dixital, xestionando diariamente redes sociais, contidos de webs corporativas e coordinando accións entre diferentes axencias e colaboradores. Invitada como docente en programas formativos como o Máster de Márketing Dixital da Universidade de Santiago de Compostela.

ANTÍA FERNÁNDEZ



OLALLA GARCÍA

Docente na sesión de Transformación Dixital.

Doutora en Tradución e Interpretación pola Universidade de Granada, formouse en temas relacionados coa comunicación e o márketing dixital. Tras unha década no mundo académico traballando como persoal docente e investigador na universidade, o seu interese polas distintas vertentes da comunicación online e offline levouna a comezar a xerar contidos para blogs e redes sociais de empresas e emprendedores especializados e prestar asistencia en diversas áreas de comunicación nos que aplica os coñecementos adquiridos en formacións nacionais e internacionais.

Dende hai oito anos, compatibiliza o seu desenvolvemento laboral co voluntariado no eido da protección animal a través da Asociación La Troupe, entidade que cofundou para fomentar a xestión integral de colonias felinas a través da implantación do método CER, a organización de eventos formativos, a posta en marcha de talleres e a elaboración de material divulgativo sobre o tema. Participou como ponente en varias xornadas felinas, un dos seus vídeos sobre o método CER formou parte da exposición itinerante Capital Animal que se exhibiu en distintas localidades da Comunidade Valenciana e, en 2019, foi unha das finalistas na categoría Charity Team of the Year dos premios CEVA Animal Welfare Awards.

OLALLA GARCÍA



LAURA CASTILLO AGUADO

Docente da sesión Desenvolvemento e marca persoal.

Apaixoadada das persoas, da innovación social e das novas tecnoloxías, orientada a contribuir en proxectos con alma que impacten positivamente na vida das persoas, especialmente naqueles colectivos con maior vulnerabilidade. Disfruta traballando con e para as persoas en contextos de innovación e emprendemento, nunca lle di non a un reto e é unha entusiasta incorrexible. Aposta polo cambio e gústalle ver as dificultades como oportunidades.

Traballadora social con formación en recursos humanos, coaching de equipos e liderado sistémico. Na actualidade é consultora de innovación social en Activiza.



**LAURA
CASTILLO A.**

6

CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA

DATAS:

De marzo a xuño de 2023. Programa formativo que conta con sesións de docencia presencial e dixitais e outra parte de *mentoring* individualizado.

HORARIOS:

Venres de 16.30h a 20.30h e sábados de 9.30h a 13.30h.

CALENDARIO:

As datas fixadas para as sesións son as seguintes:

MARZO						
L	Ma	M	J	V	S	D
		01	02	03	04	05
06	07	08	09	10	11	12
13	14	15	16	17*	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

ABRIL						
L	Ma	M	J	V	S	D
					01	02
03	04	05	06	07	08	09
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29*	30

LUGAR:

Sesións presenciais:

EGAP. Escola Galega de Administración Pública.
Rúa de Madrid, 2, 15707
Santiago de Compostela.

Sesións online:

A través da plataforma ZOOM.

NÚMERO DE HORAS:

60 horas.

MAIO						
L	Ma	M	J	V	S	D
01	02	03	04	05	06	07
08	09	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
23	23	24	24	26	27	28
29	30	31				

XUÑO						
L	Ma	M	J	V	S	D
			01	02	03	04
05	06	07	08	09	10*	11
12	13	14	15	16*	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

* Sesión presencial.

7

INSCRICIÓN

As mulleres interesadas en participar no proceso de selección do programa deberán solicitar a súa admisión, dentro do prazo establecido, cubrindo o seguinte:

[Formulario web](#)

NÚMERO DE PRAZAS:

20

MÁIS INFORMACIÓN EN:

medrandoxuntas.emprego@xunta.gal

CRITERIOS DE SELECCION

No caso de que as solicitudes superen o número de prazas, terase en consideración:

- Aberta a todas as familias da economía social, con prioridade as mulleres de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral.
- A participación dunha muller por entidade.
- A orde de inscrición das alumnas do curso.

INFORMACIÓN

medrandoxuntas.emprego@xunta.gal

www.eusumo.gal



XUNTA
DE GALICIA